

**Datos Do Expediente:**

XUNTA DE GOBERNO LOCAL	
Unidade Tramitadora:	
Organos de Goberno e Central -	
Número expediente:	Documento:
AYT/XGL/32/2022	GOB16I0FQ
2G373L1T1N4A2X2N12IW	

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA QUINCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

<p>SRES/AS ASISTENTES:</p> <p><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u> D/D^aMARIAN FERREIRO DÍAZ</p> <p><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u> D/D^a GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/D^a MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D^a ROMAN ROMERO FRANCO D/D^a M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D^a JOSE OREONA BRA D/D^a JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><u>NON ASISTE:</u> D/D^a MARIA DE LA MERCED TAIBO REY</p> <p><u>SR. INTERVENTOR ACCTAL.:</u> D/D^a PABLO FREIJOMIL OJEA</p> <p><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u> D/D^a ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do quince de setembro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
---	--

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTAS DE APROBACIÓN DE VARIAS LICENCIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.-

Vistas as propostas formuladas que di así: **PROPOSTA PRIMEIRA.- EXP. LPO-17/2020**
(...)

PRIMEIRO: Outorgar a María del Mar Fraguela Corral licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita na Estrada de Cedeira núm. 568, Lg. Nelle - Castro (Ref. catastral 6307309NJ6260N0001XD), con suxección as seguintes condicións:

- a) Axustarse en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por acordo da Comisión de Goberno deste Concello na sesión celebrada o día 12.03.1998 (exp. 668/97) a José Fraguela Gato (cambiándose posteriormente a titularidade desta licenza a favor da interesada segundo resolución do Concelleiro de urbanismo do día 06.08.2009), así como á licenza para acondicionamento da vivenda outorgada por resolución do Concelleiro de urbanismo do día 26.01.2011.

- b) Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra visado polo COAATIE da Coruña o día 04.06.2020, e demais documentación presentada aos efectos.

SEGUNDO: Propoñer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

TERCEIRO: Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala á interesada.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

PROPOSTA SEGUNDA.- EXP. LPO-9/2022

(....)

PRIMEIRO: Outorgar a Cristina Espantoso Hermida licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita na Avda. Souto Vizoso núm. 229 (Ref. catastral 6467005NJ6166N0001GK), con suxeción as seguintes condicións:

- a) Axustarase en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-delegado de urbanismo do día 17.02.2020 (exp. 80/2019).
- b) Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra e anexo I visados polo COAG o día 19.05.2022, documentación complementaria ao certificado final de obra (planos modificados) visada o día 13.05.2022, e demais documentación presentada aos efectos.

SEGUNDO: Propoñer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

TERCEIRO: Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala á interesada.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

PROPOSTA TERCEIRA.- EXP. LPO-11/2022

(....)

PRIMEIRO: Outorgar a Juan Ignacio Arbe Núñez licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita na Estrada da Gándara núm. 91 (Ref. catastral 5865018NJ6156N0001RF), con suxeción as seguintes condicións:

- a) Axustarase en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-delegado de urbanismo do día 05.07.2018 (exp. 8/2017) e prorrogada segundo segundo resolución do Concelleiro do día 28.08.2020.
- b) Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra e anexo I visados polo COAG o día 25.05.2022, documentación complementaria ao certificado final de obra (planos final de obra) visada o día 18.05.2022 e demais documentación presentada aos efectos.

SEGUNDO: Propoñer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

TERCEIRO: Dar conta desta resolución aos servizos económicos municipais e notificala á interesada.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA FINANCIAR O MANTEMENTO DO SERVIZO DE



NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2022.- Vista a proposta formulada que di así: O día 07-09-2022 a técnica de Normalización Lingüística elevou á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas o informe-proposta co código ASI16I0K9, do expediente ASI/57/2022, que literalmente di:

“INFORME-PROPOSTA DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA FINANCIAR O MANTENIMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2022

O día 07-04-2022 a Xunta de Goberno Local aprobou a solicitude de subvención á Secretaría Xeral de Política Lingüística para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2022.

O día 26-07-2022 publícase no DOG a resolución da subvención solicitada á Secretaría Xeral de Política Lingüística, aprobada por un importe de 7.466,62 euros.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Aceptar a subvención recibida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística polo importe indicado de 7. 466,62 euros.

Segundo.- Aprobar o plan de financiamento para o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística no Concello de Narón para a anualidade 2022, que é o seguinte:

Custos totais de persoal	56.681,51 euros																																								
	a) Custos reais do 01/01/2022 ao 30/06/2022 coma persoal laboral indefinido non fixo:																																								
	<table border="1"><thead><tr><th>Programa</th><th>Aplicación</th><th>Importe</th><th>Total</th></tr></thead><tbody><tr><td>9200</td><td>13100</td><td>17.772,25</td><td></td></tr><tr><td>9200</td><td>13105</td><td>4.773,12</td><td></td></tr><tr><td colspan="3">Total salarios</td><td>22.545,37</td></tr><tr><td>9200</td><td>16000</td><td>6.640,49</td><td></td></tr><tr><td colspan="3">Total S. Social empresa</td><td>6.640,49</td></tr><tr><td colspan="3">Total custos</td><td>29.185,86</td></tr></tbody></table>	Programa	Aplicación	Importe	Total	9200	13100	17.772,25		9200	13105	4.773,12		Total salarios			22.545,37	9200	16000	6.640,49		Total S. Social empresa			6.640,49	Total custos			29.185,86												
Programa	Aplicación	Importe	Total																																						
9200	13100	17.772,25																																							
9200	13105	4.773,12																																							
Total salarios			22.545,37																																						
9200	16000	6.640,49																																							
Total S. Social empresa			6.640,49																																						
Total custos			29.185,86																																						
	b) Custos estimados do 01/07/2022 ao 31/12/2022 coma funcionaria de carreira:																																								
	<table border="1"><thead><tr><th>Programa</th><th>Aplicación</th><th>Importe</th><th>Total</th></tr></thead><tbody><tr><td>9200</td><td>12000</td><td>8.071,14</td><td></td></tr><tr><td>9200</td><td>12006</td><td>4.773,12</td><td></td></tr><tr><td>9200</td><td>12100</td><td>1.242,50</td><td></td></tr><tr><td>9200</td><td>12101</td><td>3.892,80</td><td></td></tr><tr><td>9200</td><td>15000</td><td>3.902,71</td><td></td></tr><tr><td colspan="3">Total salarios</td><td>21.804,77</td></tr><tr><td>9200</td><td>16000</td><td>5.690,88</td><td></td></tr><tr><td colspan="3">Total S. Social empresa</td><td>5.690,88</td></tr><tr><td colspan="3">Total custos</td><td>27.495,65</td></tr></tbody></table>	Programa	Aplicación	Importe	Total	9200	12000	8.071,14		9200	12006	4.773,12		9200	12100	1.242,50		9200	12101	3.892,80		9200	15000	3.902,71		Total salarios			21.804,77	9200	16000	5.690,88		Total S. Social empresa			5.690,88	Total custos			27.495,65
Programa	Aplicación	Importe	Total																																						
9200	12000	8.071,14																																							
9200	12006	4.773,12																																							
9200	12100	1.242,50																																							
9200	12101	3.892,80																																							
9200	15000	3.902,71																																							
Total salarios			21.804,77																																						
9200	16000	5.690,88																																							
Total S. Social empresa			5.690,88																																						
Total custos			27.495,65																																						
Subvención concedida pola Deputación da Coruña	15.000 euros																																								

Subvención concedida pola SXPL	7.466,62 euros
Achega do concello	34.214,89 euros

A achega do concello para o gasto de persoal do Servizo de Normalización Lingüística está incluído no orzamento do concello de 2022.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que considere máis oportuno”. Logo de ver o informe-proposta favorable dos servizos económicos do concello, co código ICO16I0AV, esta concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

Segundo.- Dar conta deste acordo aos servizos económicos do concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS.- Vista a proposta formulada que di así: O xefe do Servizo de Contratación, en data 13 de setembro de 2022, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código CON16I2MA que di:

“Con data 1 de agosto de 2022 a alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código CON16I27Z que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	CON/14/2022: Subvención da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural correspondente ao Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da aceptación de subvención

Logo de ver o informe proposta emitido pola xefa da Sección de Contratación en data 29 de xullo en relación ao expediente CON/14/2022: Subvención, de Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco do Plan de Mellora de Camiños Municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, no que se establece que:

Na resolución da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 29 de decembro de 2021, pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, recóllese (Anexo II) a asignación máxima a este Concello, que ascende a 53.676,00 €, distribuídos nas anualidades 2022 (12.829,00 €) e 2023 (40.847,00€).

Na sesión da Xunta de Goberno Local de data 24 de febreiro de 2022, acordouse a participación do Concello de Narón no Plan, solicitándose a inclusión no mesmo da obra: “Reforzo de rodadura nos camiños de Casal e Novás” cun orzamento total de 78.000,00 €, distribuídos en dúas actuacións: a propia obra, por importe total de 76.664,31 €, e o servizo de control de calidade, que significa un total de 1.335,69 €.

Con data 19 de xullo de 2022 a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) notificou a este Concello a resolución de concesión de axuda, segundo o seguinte cadro:

Importe asignado (Plan de Mellora)	53.676,00 €
------------------------------------	-------------



Orzamento aceptado	64.762,61 €	
% Axuda	82,88%	
Importe da axuda	53.676,00 €	
Anualidades	Anualidade 2022 (23,9%)	Anualidade 2023 (76,1%)
	12.828,56 €	40.847,44 €

De acordo coas Bases de Execución do Orzamento en vigor, procede a aceptación da subvención, o cal é obxecto desta proposta.

Por outra banda e ao abeiro do artigo 16 do Plan, poderá tramitarse un pagamento anticipado en concepto de entrega a fondos con carácter previo á xustificación, cun límite de ata o 50% da subvención concedida, sen que supere a anualidade prevista no exercicio orzamentario; isto é, 12.828,56 €. A solicitude de anticipo é igualmente obxecto desta proposta.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Resolución, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 29 de decembro de 2021, pola que se aproba o Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023.
- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2022. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que *a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobados, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración.*

A tal efecto, este funcionario suscribiu os seguintes documentos, que se acompañan a este informe-proposta:

1. Plan de financiamento definitivo, comprensivo das necesidades de fondos e fontes de financiación existentes para facer fronte ao gasto.
2. Informe-solicitude de xeración de créditos pola contía subvencionada por esta anualidade, coincidente co anticipo solicitado.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.

Neste caso, corresponde á Alcaldía-Presidencia a avocación da competencia delegada na xunta de Goberno Local para a aceptación desta subvención, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria en prazo suficiente e ao non existir no mes de agosto sesións ordinarias deste órgano colexiado, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aceptación e do acto de avocación.

Por outra banda, establece o artigo 16 das Bases que regulan o Plan:

Con cargo á anualidade 2022 tramitarase un pagamento á conta, sen que exceda a anualidade prevista neste exercicio orzamentario.

Así mesmo, e con cargo á anualidade 2022, logo da solicitude dos concellos beneficiarios, poderá tramitarse un pagamento anticipado en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as accións inherentes á subvención, nas seguintes condicións:

– A data límite para solicitar o pagamento anticipado será o 1 de agosto de 2022.

(...)

Deste xeito, procede a tramitación urxente da aceptación da subvención, co gallo de solicitar o anticipo previamente a esta data límite.

Por todo o exposto, e unha vez tomada razón deste documento polo departamento de Intervención de Fondos con data 1 de agosto de 2022 (ICO16I0A7), esta alcaldía resolve:

PRIMEIRO: Avocar da Xunta de Goberno Local, a facultade de aceptación de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

SEGUNDO : Aprobar o cadro de financiamento definitivo para o proxecto de “Reforzo de rodadura nos camiños de Casal e Novás”, de acordo co establecido no documento que se acompaña, e resumido como sigue:

Proxecto	Reforzo de rodadura nos camiños de Casal e Novás	
Importe total		77.999,56 €
Importe concedido (2022)		12.828,56 €
Achega municipal (2022)		65.171,00 €
Aplicación orzamentaria	1532 61900	65.171,00 €

TERCEIRO: Aceptar, para o antedito proxecto, a subvención de 53.676,00 € concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, nos termos establecidos na resolución de concesión de axuda notificada a este Concello con data 19 de xullo de 2022.

CUARTO: Solicitar, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, un anticipo de 12.828,56 € para este proxecto, correspondente á anualidade 2022. “

En cumprimento do establecido no punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita”.

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO16I0B5, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

5 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DA TRANSFERENCIA DO MINISTERIO DE IGUALDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DE NOVAS OU AMPLIADAS COMPETENCIAS RESERVADAS AS ENTIDADES LOCAIS NO PACTO



DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O EXERCICIO 2022.- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Dar conta da transferencia do Ministerio de Igualdade para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o exercicio 2022

A Xefa substituta do Servizo Sociocomunitario, M^a Dolores Pérez López, en relación ao asunto que se cita, emite o seguinte INFORME-PROPOSTA:

ANTECEDENTES

No Boletín Oficial do Estado de data 2 de agosto de 2022 publícase a Resolución de 26 de xullo de 2022 da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, do Ministerio de Igualdade, das transferencias para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o exercicio 2022. A Resolución inclúe no Anexo I a distribución de fondos aos concellos, entre os que se atopa o Concello de Narón cunha contía de 15.706,17 €.

Así mesmo se establece na citada Resolución:

- *Que os fondos destinaranse a financiar actuacións de gasto corrente no marco do disposto no artigo 2 do Real Decreto 1023/2020, de 17 de novembro.*
- *Que o período de execución será o comprendido entre o 1 de xullo de 2022 ao 30 de xuño de 2023.*
- *Que a xustificación das actuacións terá como data límite o 30 de setembro de 2023.*
- *Acordar o libramento dos fondos nun pago único unha vez sexa publicada esta resolución no Boletín Oficial do Estado.*

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para a aceptación de subvencións de outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa aceptación, imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para si el coñecemento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (...).”

En aplicación do anterior, corresponde á Alcaldía a avocación da delegación de aceptación da transferencia na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local*
- *Lei 28/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións*
- *R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 28/2003*
- *Lei 9/2007, de 13 de xullo, de Subvencións de Galicia*
- *R.D.L. 2/2014, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público*
- *Resolución de 26 de xullo de 2022 da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero*
- *Bases de execución do orzamento en vigor*

Á vista do anterior, que subscribe propón á Alcaldía a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aceptación da transferencia concedida pola Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, do Ministerio de Igualdade, para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o exercicio 2022.

Segundo.- Aceptar a transferencia concedida pola Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, do Ministerio de Igualdade, para o desenvolvemento de novas ou ampliadas competencias reservadas ás entidades locais no Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o exercicio 2022.

Terceiro.- O Concello de Narón non realizará ningunha aportación económica por estar estas actuacións subvencionadas ao 100 % polo Ministerio de Igualdade.

Cuarto.- Proceder á xeración de crédito na aplicación orzamentaria 2311.22799 por importe de 15.706,17 €.

O importes sobrantes a 31 de decembro de 2022 da cantidade a xerar, será obxecto de incorporación de remanentes para o exercicio 2023.

Quinto.- Aprobar o seguinte plan de financiamento con cargo á aplicación orzamentaria 2311.22799:

Importe do proxecto	Importe da transferencia recibida	Importe da achega municipal
15.706,17 €	15.706,17 €	0,00 €

As actuacións desenvolveranse entre o 1 de xullo de 2022 e o 30 de xuño de 2023, con cargo á aplicación orzamentaria 2311.22799.

Sexto.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local.”

E unha vez intervido e conforme pola Intervención municipal en data 01/09/2022, documento de intervención(INT16I18V), do documento(SSO16I1R0) do expediente SSO/175/2022, co proxecto de gasto 2022 3 00000 85 e pendente de tramitación do correspondente expediente de modificación de créditos por xeración (SSO16ISS), esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

Asinado dixitalmente por:
Marian Ferreiro Díaz
A ALCALDESA-PRESIDENTA
01/09/2022

Ante min,
(Dou fe da identidade do asinante)
Asinado dixitalmente por:
O SECRETARIO XERAL:
Alfonso de Prado Fernández-Canteli.
01/09/2022



A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

6 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL DO EXERCICIO 2022.- Vista a proposta formulada que di así: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Aceptación da subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación Laboral no exercicio 2022

A Xefa Substituta do Servizo Sociocomunitario Municipal, María Dolores Pérez López, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES

Por Xunta de Goberno Local de data 24/02/2022 (GOB16I03X), apróbase a Solicitud de Subvención á Consellería de Emprego e Igualdade para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación Laboral no exercicio 2022, co seguinte plan de financiamento:

Importe total do proxecto	50.701,78€
Subvención solicitada a Consellería de Economía, Emprego e Industria.	26.000,00€
Achega Municipal	24.701,78€

O 1 de agosto de 2022, ten entrada co número 15.577 do Rexistro Xeral deste Concello, a Resolución da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se concede ao concello de Narón a cantidade de 26.000,00 €, para a contratación de 1 persoa/s técnica/s para a realización de actividades de orientación Laboral no exercicio 2022

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
- RDL 781/1986, de 18 de abril, aprobación Texto refundido (TRRL)
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
- RD 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivada da entrada en vigor da Lei 27/2003.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Orde de 23 de decembro de 2021, publicada no DOG nº 17 de 26 de xaneiro de 2022
- Resolución de concesión de Subvención da Consellería de Emprego e Igualdade de 26/07/2022, con data de rexistro Xeral do concello 01/08/2022.
- Informe de previsión de custes de RR.HH DE 06/09/2022 (PER16I36U)
- Bases de execución dos Orzamento en vigor

Á vista do anterior, A Xefa Substituta do Servizo Sociocomunitario, María Dolores Pérez López, informa á Concelleira Delegada de Formación, para que eleve á xunta de goberno local, a adopción das seguintes propostas:

1º.- Aceptar a subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade para a contratación de 1 persoa/s técnica/s para a realización de actividades de orientación Laboral no exercicio 2022 por importe de 26.000,00€

2º.- Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo:

Importe total do proxecto	74.976,40€
Subvención solicitada a Consellería de Economía, Emprego e Industria.	26.000,00€
Achega Municipal	48.976,40€

Desglose por anualidades:

ACHEGA MUNICIPAL- PERÍODO DE PRÓRROGA DO CONTRATO 01-02-2022 A 31-01-2023			
APLICACIÓN ECONÓMICA	2022	2023	TOTAL
2410/13100	35.940,50	0,00	35.940,50
2410/13000	3.186,95	482,16	3.669,11
2410/13002	2.952,32	431,88	3.384,20
2410/13105	1.521,81	0,00	1.521,81
2410/16000	4.132,77	328,01	4.460,78
Total	47.734,35	1.242,05	48.976,40

ACHEGA AUTONÓMICA- PERÍODO DE PRÓRROGA DO CONTRATO 01-02-2022 A 31-01-2023			
APLICACIÓN ECONÓMICA	2022	2023	TOTAL
2410/13100	7.975,79	0,00	7.975,79
2410/13000	4.406,46	666,66	5.073,12
2410/13002	4.082,06	597,13	4.679,19
2410/13105	2.104,17	0,00	2.104,17
2410/16000	5.714,21	453,52	6.167,73
Total	24.282,69	1.717,31	26.000,00

“ E unha vez fiscalizado coa toma de razón pola Intervención Municipal (ICO16I0AW), en data 08/09/2022 o documento SSO16I1X0 do expediente EMP/4/2022 , quen subscribe, Concelleira de Formación (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4